



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 30 DE DECEMBRO DE 2022 (2)

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00059770R.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00049057Y.

Aprobación dos pagos a conta de TRALUSA pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, outubro de 2022.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente o mes de outubro de 2022. Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de trescentos oitenta e catro mil, catrocentos sesenta e un euro, con un céntimo (384.461,01.-), a prol de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982” (U7003297-4), con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ó interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitalos.

3. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00054616E.

Aprobación dos pagos a conta de TRALUSA pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, do mes de novembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente o mes de novembro de 2022.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de trescentos oitenta e catro mil, catrocentos sesenta e un euro, con un céntimo (384.461,01.-), a prol de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982” (U7003297-4), con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves perxuízos ó interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitalos.

4. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00049847Z. Aprobación dos pagos a conta á entidade RIAS BAIXAS SL., pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, liña 7, San Roque-Aríns, correspondente aos tres primeiros trimestres do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ós tres primeiros trimestres do ano 2022.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de cento noventa e tres mil, oitocentos cinco euros, con setenta e seis céntimos (193.805,76.-), a favor de “Autocares Rías Baixas, S.L.”, con imputación orzamentaria 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

5. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00059598J.

Aprobación da solicitude de subvención do transporte colectivo urbano de viaxeiros, en base ás determinación contidas no Real Decreto-Ley 20/2022, de 27 de decembro, as axudas para proporcionar apoio financeiro a este servizo, pola decisión de implantar unha redución do 50% do prezo dos abonos e títulos multiviaxes seguintes: Bono escolar, ordinario e mensual.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar que o Concello de Santiago, na súa calidade de titular do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros solicite, en base ás determinación contidas no Real Decreto-Ley 20/2022, de 27 de decembro, as axudas para proporcionar apoio financeiro a este servizo, pola decisión de implantar unha redución do 50% do prezo dos abonos e títulos multiviaxes seguintes: BONO ESCOLAR que de 0,40 €/viaxe pasará a 0,20 €

BONO ORDINARIO que de 0,60 € por viaxe, pasará a costar 0,30 €

BONO MENSUAL que de 26,00 € por recarga, pasará a costar 13,00 €

Segundo.- Adquirir os compromisos a que se refire o devandito Real Decreto-Ley 20/2022, de 27 de decembro de manter estas axudas dende o 1 de xaneiro ó 30 de xuño do ano 2023 e de financiar con cargo ós orzamentos para o ano 2023 o 20% do importe das axudas. Así como todos aqueles compromisos que resulten da orde ministerial que se aprobará por parte do titular do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

Terceiro.- Afectar, de conformidade do previsto no artigo 40 do Real Decreto-Ley 20/2022, de 27 de decembro, os importes que se perciban polo Concello, a financiar exclusivamente a prestación do servizo público de transporte urbano e, en todo caso, a compensar ós operadores de transporte pola merma de ingreso que poida supoñer a implantación da medida de redución do prezo dos abonos e títulos multiviaxe, nas cantidade previstas e, no seu caso, os custos de implantación da mesma e os financeiros en que puideran ter incorrido debidamente acreditados.

6. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00059777P. Aprobación das achegas do transporte metropolitano do ano 2021 e estimación do ano 2022.

Apróbase a liquidación do transporte metropolitano correspondente ó ano 2021 e a estimación para o ano 2022, que ascende a -12.181,04 € coa seguinte distribución:

- Liquidación 2021: -14.644,7 euros
- Programa tarifario 2022: 2.463,66 euros
- Total achega: -12.181,04 euros

Acórdase notificar a resolución á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestructuras e Mobilidade.

7. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00046190Z.

Aprobación da conta xustificativa de gastos do convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro.

Aprobar a conta xustificativa de gastos do Convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro, por un importe de 6.208 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 080.32400.4890001.

8. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2022/00059800P.

Informe técnico-económico da análise e valoración das liquidacións derivadas do contrato do servizo de cátering e do persoal monitor/coidador de comedor escolar para os Centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao curso escolar 2021-2022.

Acórdase:

Primeiro.- Tomar en consideración o informe elaborado pola empresa BM NEIRA AUDITORES, SLP sobre “Informe técnico-económico da análise e valoración das liquidacións derivadas do contrato do servizo de cátering e do persoal monitor/coidador de comedor escolar para os Centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao curso escolar 2021-2022

Segundo.- Dar traslado do informe emitido pola empresa BM NEIRA AUDITORES, SLP aos Departamentos de Educación e da Tesourería Municipal, ao efecto de que polos mesmos se informe ou se alegue o que corresponda en cada caso.

9. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00037847C.

Concesión de subvencións a asociacións culturais.

Acórdase a concesión das citadas subvencións a Asociación Cultural Barriga Verde, Federación Galega de Bandas de Música Populares, e Nova escola galega, por 5.000 euros cada unha delas.

10. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00037833Y.

Concesión de axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2022.

Acórdase:

- Concederlle subvención por un importe total **377.783,25 euros** ás seguintes persoas e entidades con cargo ás aplicacións 2022 050 33400 4790100 (importe concedido 136.186,27 €) e 2022 050 33400 4790101 (importe concedido 241.596,98):

Solicitante	Concedido
M.A.R.R.	15.099,64
MC Proxectos de Arte SL	16.805,75
M. J. V. I.	17.500,00
A Xanela do Maxín SL	35.000,00
Noente Paradise SL	21.617,60
L. V. G.	8.000,00
M. L. P. D.	16.000,00
B. L. J.	5.272,00
F. J. V. M.	10.344,71
Riquela Music, SL	7.126,92
Maos Innovación Social Soc Coop Galega	2.541,29

Zumalab SLU	11.126,64
Fausto Deseño Asociados SL	18.601,99
Nordesía Producións, SL	35.000,00
Numax S Coop Galega	1.250,00
R. R. D.	20.396,71
Títeres Cachirulo, SL	24.560,00
Music Arte Rey Saavedra SC	23.000,00
Work On Sunday SL	33.500,00
E. G. V. H.	24.000,00
Pista Catro Produtora de Soños, SL	31.040,00

3. Devolver ás aplicacións de orixe que corresponda o importe restante por valor de 31.380,49 €.

11. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: OFI 30/12.

Omisión función interventora

Acórdase:

Primeiro. Validar a omisión da función interventora en relación cos gastos correspondentes ao “Fito 4 Proxecto Biolumen. Remate da fase de implantación, entrega das conclusións da investigación e a comprobación do cumprimento dos obxectivos segundo o Plan de Experimentación aprobado polo Concello de Santiago de Compostela” (CON/36/2020).

Segundo. Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 61.358,13 euros, a favor de TELEVÉS, SAU, imputándose á aplicación orzamentaria 2022/030/46200/6410000 do orzamento vixente.